

**BASES QUE REXIRÁN A CONTRATACIÓN DE
TRABALLADORES DESEMPREGADOS POLA ADR
PRODER II - COMARCA DE PONTEVEDRA PARA A
REALIZACIÓN DO SERVIZO
“VALORIZACIÓN DA COMARCA DE PONTEVEDRA”**

APROBADAS POLA XUNTA DIRECTIVA DA ADR DO 30/10/2008

Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, regular o proceso selectivo para a contratación laboral temporal mediante contrato de obra ou servizo de interese xeral e social dun traballador desempregado por un *período de doce meses a xornada completa, ao abeiro do disposto na Orde do 19 de decembro de 2007 da Consellería de Traballo, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2008, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos Programas de Cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria (DOG nº 6, de 9 de xaneiro de 2008).*

Segunda.- Praza que se convoca.

A praza que se convoca é de *Axente do Tempo (licenciado/a en Psicoloxía, Socioloxía, Publicidade e Relacións Públicas e/ou outras ciencias sociais).*

Terceira.- Retribucións.

A retribución bruta correspondente a percibir polo traballador contratado será de 14.731,65 €.

Cuarta.- Condicións dos aspirantes.

1. Para ser admitidos á realización da selección os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Ser español ou cidadán de calquera dos Estados membros da Comunidade Europea
 - Ter cumpridos 18 anos de idade
 - Estar en posesión de calquera dos títulos especificados na oferta de emprego.
 - Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto para o que se contrate

- Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas
 - Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.
 - Estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.
 - Carné de conducir.
 - Disponibilidade de vehículo propio.
2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, alomenos, ata a data da súa contratación.

Quinta.- Sistemas de selección.

A selección realizarase mediante o seguinte sistema:

- concurso: no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases. Esta fase será posterior á realización da proba práctica.
- Proba Práctica: será obrigatoria e eliminatoria e consistirá na presentación oral dun plan de actuación onde se programen accións a levar a cabo para a dinamización dun Banco do Tempo no ámbito territorial da ADR (Concellos de Barro, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa).

Dita proba será presencial e terá unha duración máxima de 10 minutos e ao remate da mesma a mesa poderá solicitar aclaracións ao candidato que permitan avaliar o seu coñecemento do territorio e dos Bancos do Tempo.

A proba práctica valorarase cunha puntuación máxima de 40 puntos sendo necesario acadar a puntuación mínima de 20 puntos para superala e non quedar excluído/a do procedemento de selección; valorarase sobre todo o coñecemento da zona por parte do/a candidato/a.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se a ADR precisa dun/ha técnico/a destas características, acudirá a dita bolsa seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionar ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitara o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria. Así mesmo, pasarase a chamar ó/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada da bolsa non xustifique a

documentación requirida no punto 11 das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa.

A duración desta bolsa será polo tempo de vixencia da contratación levada a cabo a través das presentes bases e das sucesivas renovacións que se puidesen realizar, se procede. Para poder pasar a proba e integrarse na bolsa de traballo haberá que acadar un mínimo de 20 puntos da proba práctica.

Sexta.- Documentación e prazo de solicitude.

Os candidatos preseleccionados pola Oficina de Emprego, interesados en participar no proceso selectivo serán convocados pola ADR mediante chamada telefónica.

Os candidatos convocados deberán presentar instancia dirixida ao Sr. Presidente da ADR PRODER II - COMARCA DE PONTEVERA no Rexistro da ADR no prazo mínimo de cinco días hábiles dende a data na que sexan convocados a tal efecto. Xunto coa instancia achegarán fotocopia do DNI e xustificación dos méritos alegados mediante copia simple dos certificados ou diplomas de asistencia.

Sétima.- Composición da comisión de valoración.

A selección do/a Axente do Tempo levarase a cabo a través dunha Comisión específica que valorará os méritos alegados polos aspirantes de acordo co baremo que figura nas presentes bases. Estará composta pola Xerente, pola RAF e polo Axente de Emprego da ADR.

A Comisión actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

Oitava.- Procedemento de selección

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, a Presidenta da Comisión aprobará a lista de admitidos/as e excluídos/as ó procedemento, que será exposto na ADR e se fixará no taboleiro de anuncios dos Concellos de Barro, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa, concedéndose un prazo mínimo de dous días hábiles para reclamacións ou corrección de erros.

Á celebración da proba práctica serán convocados os aspirantes mediante chamada telefónica e anuncio inxerido no Taboleiro de

Anuncios da ADR e dos Concellos de Barro, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa, no que se indicará a data e lugar de celebración.

A Comisión reunirase para a valoración dos méritos e da proba, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Non se valorarán os méritos daquelas persoas que non superen a proba práctica, xa que quedan fóra do proceso de selección.

En caso de empate na puntuación final terá preferencia o/a candidato/a que obtivera maior puntuación na fase oposición; a continuación, a experiencia profesional, despois a formación especializada e por último outra formación complementaria. Se aínda así continúa o empate, procederase á realización de sorteo público para determinar o/a candidato/a que sae seleccionado/a para o posto.

A Comisión formulará proposta de contratación en número que non exceda da praza a cubrir.

Novena.- Concurso - Criterios de valoración.

1. Circunstancias persoais: 20 puntos

1.1. Colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. Puntuación máxima 10 puntos.

Inclúense nestes colectivos:

- a) mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego, demandantes con máis de seis meses en desemprego.
- c) Parados/as de longa duración
- d) Persoas discapacitadas
- e) Persoas desempregadas maiores de 45 anos
- f) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente, beneficiarios/as da Renda de Integración social de Galicia e mulleres que abandonasen o exercicio da prostitución como medio de vida.

1.2. Outras circunstancias persoais. Puntuación máxima 10 puntos.

Valoraranse as seguintes situacións persoais:

- a) Aquelas persoas que carezan de protección por desemprego
- b) Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo do/a traballador/a desempregado/a que se

contrata o/a cónxuxe, fillos/as menores de vinte e seis anos, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as.

2. Formación. Puntuación máxima: 20 puntos.

2.1. Por asistencia a cursos de formación específica impartidos ou validados por entidades públicas relacionados coas funcións do posto de traballo:

- Cursos de menos de 30 horas: 1 punto por curso.
- Cursos de duración igual ou superior a 30 horas e menos de 100 horas: 3 puntos por curso.
- Cursos de duración igual ou superior ás 100 horas: 6 puntos por curso.
- Cursos de duración igual ou superior ás 300 horas: 10 puntos por curso.

Valoraranse unicamente os cursos con aproveitamento. A puntuación máxima será de 15 puntos.

2.2 Pola superación ou validación dos cursos de iniciación e perfeccionamento do idioma galego (valorarase unicamente o de maior categoría):

- Curso de iniciación: 2,5 puntos.
- Curso de perfeccionamento: 5 punto.

3. Experiencia. Puntuación máxima: 20 puntos.

3.1. Por cada 6 meses de experiencia profesional ou becas de formación en dirección de actividades sociais para administracións públicas ou asociacións sen ánimo de lucro: 10 puntos.

3.2 Por cada 6 meses de experiencia profesional ou becas de formación en actividades sociais: 1 punto.

Décima.- Proposta de contratación.

A comisión de valoración no seu caso, propondrá á Presidencia da ADR a contratación do aspirante que superando as dúas fases do proceso selectivo obtivera maior cualificación total, sen que, en ningún caso, poida aprobar un número superior de aspirantes ao dos postos de traballo convocados.

Undécima.- Achega de documentos.

O aspirante proposto para a súa contratación laboral temporal deberá presentar no prazo mínimo de dous días hábiles contados dende a publicación da proposta de nomeamento no taboleiro de anuncios, a documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos na base cuarta desta convocatoria.

Duodécima.- Contrato laboral.

A Presidencia, de conformidade coa proposta vinculante da comisión de valoración subscribirá antes do comezo da prestación do servizo, contrato laboral co aspirante proposto segundo dispón a lexislación laboral.

Décimo terceira.- Réxime xurídico.

A comisión de valoración queda facultada para adoptar as decisións que estime pertinentes en aplicación das presentes bases para a boa marcha do proceso de selección así como para resolver cantas dúbidas poidan xurdir durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

No non previsto nas Bases aplicarase supletoriamente a Lei 7/1985 de 2 de abril, o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, o Real Decreto 896/91 e o Estatuto dos Traballadores.

Pontevedra, 10 de novembro de 2008

Asdo. Miguel Anxo Fernández Lores
Presidente da ADR PRODER II – Comarca de Pontevedra

INSTANCIA SOLICITUDE PARTICIPACIÓN

D/ª.....
provisto/a de DNI nº..... con enderezo en
.....nº.....andar.....
C.Postal.....Localidade.....
Concello.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública a través do Servicio Galego de Colocación realizada pola Asociación de Desenvolvemento Rural PRODER II – Comarca de Pontevedra para a contratación dun/ha **Axente do Tempo**.

DECLARO:

- 1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a ó referido concurso e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

AXUNTO ORIXINAIS OU COPIAS DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- 1º.- DNI.
- 2º.- Título ou certificado acreditativo da posesión da titulación licenciado/a en psicoloxía, socioloxía, Publicidade e Relacións Públicas e/ou outras ciencias sociais.
- 3º.- Tarxeta de demanda de emprego.
- 4º.- Carné de conducir.
- 5º.- Méritos alegados e acreditación de circunstancias persoais.
- 6º.- Declaración responsable de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que impida o desempeño do posto de traballo, nin estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública, e de dispoñibilidade de vehículo propio.

Pontevedra, a de de 2008

Asdo.

SR. PRESIDENTE DA A. D. R. PRODER II – COMARCA DE PONTEVEDRA

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a.....
provisto/a de DNI nº..... con enderezo en
.....nº.....andar.....
C.Postal.....Localidade.....
Concello.....Provincia.....Teléfono.....

DECLARO:

1º.- Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo.

2º.- Que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

3º.- Que dispoño de vehículo a efectos da súa utilización nos desprazamentos de traballo como Axente do Tempo da Asociación de Desenvolvemento Rural PRODER II – Comarca de Pontevedra.

Pontevedra, a de de 2008

Asdo.

SR. PRESIDENTE DA A. D. R. PRODER II – COMARCA DE PONTEVEDRA